



Primeiras probas piloto en Galicia da tecnoloxía 'Network Slicing 5G' na UVigo

O centro universitario traballará no deseño e despregamento do demostrador, na súa validación e na medición das prestacións, para así "probar a tecnoloxía de diferentes provedores e empregar os resultados para definir as redes do futuro"

Por
E.P.

3 Febreiro, 2021



Investigadores da Universidade de Vigo que participan nas probas piloto da Network Slicing 5G no centro universitario. UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo (UVigo) acollerá as primeiras probas piloto que se realizan en Galicia e das primeiras que se fan no mundo da **'Network Slicing 5G'**, tecnoloxía que **"permitirá xerar novos servizos e avanzar na transformación dixital da sociedade"**.

Así o comunicou este mércores a UVigo, que indicou que as redes 5G **"facilitarán casos de usos moi diversos e con distintos requisitos"**, como vehículos autónomos, cidades intelixentes, robótica e a internet das cousas, entre outros.

En concreto, a proba piloto que se vai a realizar na universidade viguesa ten como obxectivo crear redes a medida adaptadas para cada tipo de tráfico. Así, traballaranse tres aspectos: baixa latencia, ancho de banda e rede de emerxencias.

Para iso, o centro universitario traballará no deseño e despregamento do demostrador, na súa validación e na medición das prestacións, para así **"probar a tecnoloxía de diferentes provedores e empregar os resultados para definir as redes do futuro"**.

Este proxecto, no que participan o Grupo de Tecnoloxías da Información da UVigo –adscrito ao centro de investigación atlanTTIC– e as empresas Telefónica e Cisco, enmárcase no piloto 5G Galicia impulsado polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, a través de Rede.es.